



MÍNIMOS ESIXIBLES: “OBRADOIRO DE MATEMÁTICAS”.

CONTIDOS.

RESOLUCIÓN DE PROBLEMAS
<ul style="list-style-type: none"> • Pautas para a resolución de problemas. • Estratexias heurísticas máis usuais na resolución de problemas.
MEDIDAS DIRECTAS
<ul style="list-style-type: none"> • Distancia, dirección e sentido. • Medida de ángulos. • Medidas da lonxitude, da superficie e do volume. • Medidas da capacidade e da masa-peso. • Medida do tempo.
FORMAS NO PLANO E NO ESPACIO.
<ul style="list-style-type: none"> • Figuras e corpos xeométricos. Propiedades. • Simetrías e regularidades. • Proporción e escala.
GRÁFICOS.
<ul style="list-style-type: none"> • Fenómenos descritos mediante relacións funcionais. • Formas de expresión: descrición verbal, táboas e gráficas. • Función de proporcionalidade directa • Recollida e tratamento de datos. • Gráficos estatísticos.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN.

- Perseverar na procura dos datos precisos para a formulación e resolución de problemas tendo confianza nas propias capacidades para resolvelos e mostrando interese na busca de distintas estratexias.
- Expresar, na resolución de problemas, de forma ordenada e clara os datos, a solución e a vía seguida na resolución e comprobar a coherencia dos resultados.
- Utilizar as estratexias, heurísticas máis usuais, analizar o proceso seguido e elaborar estratexias persoais na resolución de problemas.
- Realizar estimacións e medicións sinxelas, elixindo entre as unidades e os instrumentos que mellor se axusten ó tamaño e á natureza do obxecto que se vai medir.
- Expresar de forma axeitada o deseño e o seguimento dun percerrido gráfico por un plano.
- Recoñecer e describir, mediante a observación e a manipulación, formas e corpos xeométricos do seu medio, clasificalos e dar as razóns das pautas de clasificación.
- Utilizar as técnicas e os materiais axeitados para representar e construír figuras e obxectos sinxelos empregando a escala cando sexa preciso.



-
- Identificar relacións de proporcionalidade numérica e xeométrica en situacións diversas, e calcular o factor de proporcionalidade.
 - Utilizar as nociós xeométricas de perímetro, superficie, proporcionalidade, escala, etc. para describir situacións da vida cotiá.
 - Utilizar técnicas de recollida de datos e analizar os gráficos estatísticos para obter e rexistrar información sobre fenómenos e situacións do seu contorno.
 - Analizar a linguaxe gráfica e empregala, na medida que sexa útil, para representar as situacións cotiás.